



RESOLUCIÓN POLA QUE SE DESIGNAN OS MEMBROS DO COMITÉ DE SELECCIÓN PARA A AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDAS A PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERTERRITORIAIS E TRANSNACIONAIS DOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP) PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DAS ZONAS DE PESCA NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP) 2014-2020, AO ABEIRO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP)

Pola presente Resolución, en base ao establecido no apartado 2 do artigo 20 da *Orde do 3 de agosto de 2016 (DOG Núm. 156 do 2 de setembro de 2016)* pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos GALPs, para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do FEMP 2014-2020, ao abeiro das EDLP, e se convocan as correspondentes ao ano 2016.

RESOLVO

1.- Nomear como membros titulares (4) do comité de selección, baixo a presidencia da directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e de conformidade coa súa proposta, para a valoración das solicitudes de axudas a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos GALPs para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca a:

- Montserrat Castro Vázquez, subdirectora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
- Enrique Diego Fernández Pérez, licenciado en Dereito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
- Juan Carlos Barreiro González, xefe territorial da Coruña da Consellería do Mar
- Sonia Lorenzo Santos, xefa territorial de Vigo da Consellería do Mar

2.- Nomear como membros suplentes (4) do comité de selección, e de conformidade coa proposta formulada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para a valoración das solicitudes de axudas a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos GALPs para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca a:

- María Luz Lamas Ferreiro, xefa do Servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras
- Antonio Chenlo Angueira, xefe do Servizo de Xestión de Proxectos
- Pablo Ramón Fernández Asensio, xefe territorial de Celeiro da Consellería do Mar
- Xurxo Martínez Piñeiro, axente de extensión pesqueira da xefatura territorial de Vigo da Consellería do Mar

3.- A presidenta do comité de selección, Susana Rodríguez Carballo, directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, en caso de ausencia dos titulares, designará os substitutos de entre os membros suplentes do comité de selección.

4.-Designar como secretario do comité de selección, con voz e voto a Enrique Diego Fernández Pérez, licenciado en Dereito na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Conforme o apartado 4 do artigo 12 da Orde de 6 de abril de 2015 o funcionamento deste comité estará sometido ás normas dos órganos colexiados recollidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2016

Rosa María Quintana Carballo

Conselleira do Mar

